

lugares, da lexislación correspondente e das formas empregadas. Algunhas das contribucións ocúpense tamén dos apelidos de fillos ilexítimos e naturais, que ás veces comparten o mesmo repertorio ca os dos achadizos, e outras da onomástica cristiá que recibiron os conversos no reino de Valencia despois da expulsión dos mouriscos a comezos do século XVII, tamén onomástica de imposición administrativa.

Para moitas áreas a documentación escrita máis antiga que posuímos sobre os nomes de achadizos é posterior ao século XVI, a que nos ofrecen os libros parroquiais. No litoral mediterráneo, onde houbo un desenvolvemento temperán das institucións destinadas a socorrer a orfandade infantil (en 1337 instituíra Pedro o Cerimonioso en Valencia a figura do *Curador* de orfos) hai documentación medieval de establecementos desa clase, coma o Hospital de la Santa Creu barcelonés, obxecto dos traballos de Maria-Reina Bastardas i Rufat ("Les noms des enfants trouvés en Catalogne au XV^{ème} siècle", 43-56) e Ventura Castellvell ("Onomàstica dels expòsits a Catalunya. Una mostra del segle XV", 209-221). As motivacións para as escollas onomásticas son basicamente as mesmas doutras áreas e as que seguirán vixentes durante séculos: para o nome de pía adoita terse presente o santoral do día, a advocación da igrexa do bautismo ou o nome suxerido polo billete ou nota de abandono. Para os apelidos, as escollas poden gardar relación co lugar do achado, coa data, co nome ou a advocación da institución e con motivacións variadas relacionadas con características físicas do achadizo ou cos obxectos que portaba, ademais dos apelidos que fan explícita a condición de expósito, entre os cales os máis habituais na Barcelona medieval son *Ventura* ou *Bonaventura* e menos comunmente *Trobat*.

Enric Mut Ruiz ("Expòsits en una comunitat agrícola de la Ribera: Guadassuar, ss. XVII-XX", 693-712) examina a onomástica dos libros de bautizados dunha freguesía rural valenciana e a mudanza de nome dos mouriscos que quedaron despois da expulsión. Como nome de pía dos achadizos adoita impoñerse o do santoral do día seguido de *Vicent*, pola advocación parroquial (no rexistro constan como "fills de pares no coneguts" ou "fills de sant Vicent Màrtir"), e só en ocasións se emprega o sobrenome que contén marca da condición

CASANOVA, EMILI (ed.) (2017): *Onomástica Romànica: Antroponimia dels expòsits i etimologia toponímica, especialment de València*. Valencia: Acadèmia Valenciana de la Llengua – Editorial Denes, 906 pp.

Coordinado por Emili Casanova, o extenso volume de máis de 900 páxinas contén 51 comunicacións sobre diferentes asuntos de toponimia e antroponimia románicas. Preto da metade estudan os nomes e apelidos impostos aos achadizos de diferentes territorios e momentos históricos mediante documentación manuscrita da administración eclesiástica ou da civil e mais da específica dos hospicios. É un campo insuficientemente atendido nos estudos de onomástica e con esta publicación dispoñemos dun cadro xeral moi representativo, que nos informa dos procedementos de imposición de nomes e apelidos en casos de filiación descoñecida en diversas linguas e

de abandonado, que adoita ser *Bonaventura*. Joan Peytaví Deixona (“Anomenar el anònims. Els patrònims dels fills naturais a la Catalunya del Nord”, 729-748) centra o seu estudo nos séculos XVIII e XIX na área de Perpiñán e doutras localidades catalanófonas que desde o XVII pasaran a ser territorio do reino de Francia; os apelidos reflicten os problemas derivados do contacto de linguas e ao longo do tempo as alteracións dos criterios onomásticos nas sucesivas lexislacións. O uso tradicional, que escollía para os expósitos apelidos do repertorio local e mantiña como apelidos marcados os relacionados co latín *VENTURA* (*Ventura, Bonaventura, Venturer*) viuse moi alterado polas leis napoleónicas, que provocan a creación de numerosos apelidos inventados, produto da fantasía e segundo o patrón do francés, non da lingua local. Antoni Garcia i Osuna (“Aproximació a l’antroponimia dels expòsits valencians del segle XIX”, 367-410) estuda fondos documentais do antigo Hospital General de Valencia; os criterios onomásticos legais de antes e despois da creación do Rexistro Civil en 1873 (Lei de 1870), as directrices eclesiásticas e o regulamento da *inclusa* valenciana. As leis destinadas a evitar a estigmatización do expósito no seu apelido favoreceron o emprego de apelidos haxionímicos coincidentes coa advocación da parroquia en que se bautizan. Rafael Reig Bodí (“Els noms dels expòsits d’Agres”, 777-788) examina a onomástica dos individuos de país descoñecidos segundo a documentación municipal de Agres, Alacante, e dos arquivos municipais doutros concellos próximos. Josep Lluís Santonja (“Nàixer sense ascendència: expòsits en una ciutat industrial. Alcoi, segles XVIII-XX”, 815-834) parte da documentación municipal de Alcoi desde o século XVIII e especialmente a da Casa de Beneficència, fundada en 1854, onde se rexistra certa resistencia a aplicar as leis contrarias á estigmatización dos achadizos, coma a recomendación da lei de Rexistro Civil de 1870 de impoñer un apelido “de uso corrente”.

Se en territorios de lingua catalá os apelidos máis comúns que fan referencia á condición de expósito son sobre todo os relacionados con *VENTURA* e *TROBAR* (*Ventura, Bonaventura, Trobat*), os seus correspondentes italianos *venturini* e *trovatelli* son denominacións comúns nesa lingua para designar os nenos abandonados. O libro contén nove traballos re-

lativos aos seus nomes en Italia. Enzo Caffarelli (“Strategie onomaturgiche nell’imposizione di cognomi agli esposti italiani”, 161-176) establece varios grupos de apelidos segundo as motivacións. Por unha banda os que fan referencia explícita á condición de achadizo, por outra os referidos á institución de caridade, á súa advocación relixiosa, ao edificio en que se acolle ou calquera outra circunstancia, como o nome do benefactor ou fundador da institución, xunto cos que fan referencia a conceptos abstractos, a forzas celestiais ou a Deus (*Di Dio* é usual en Sicilia). Nos apelidos inventados, que viron potenciado o seu uso a comezos do XIX coa lexislación napoleónica, resultan especialmente curiosos os creados mediante xogos combinatorios ou anagramáticos do nome de pía: *Diomira Ramidio, Narciso Sonarci, Gaetana Anatega*, ademais dos aliterativos do tipo *Rodolfo Rodolfini, Sebastiano Sebastiani*. A cuestión do apelido como estigma, das súas manifestacións e das diversas normas e criterios tendentes a evitalo, tanto no Piamonte coma noutros territorios italianos, é obxecto do estudo de Elena Papa: “Beffa, Imbroglia, Zavorra: le identità segnate dei fanciulli esposti” (713-728).

A cidade sarda de Cagliari contou cun orfanato desde o século XVI e un *Padre d’orfani e ospedali*, segundo o modelo inaugurado en Valencia no século XIV e estendido por outros territorios da antiga coroa de Aragón. Estuda a documentación deste establecemento Antonietta Dettori (“I nomi dei bambini esposti a Cagliari nei secoli XVI e XVII”, 259-269), quen recolle un repertorio máis variado de apelidos relativos á condición de abandonado como *Inocent, Vintura, Bonaventura, Speransa, Horfano*. En contraste, no seu estudo dos apelidos do hospicio da cidade de l’Alguer, tamén en Sardeña, nos séculos XIX e XX, Patrizia Bertini Malgarini e Marzia Caria (“Cognomi di trovatelli algheresi tra XIX e XX secolo”, 83-117) mostran como as leis destinadas a evitar os apelidos estigmatizantes substituíron os cognomes tradicionais por apelidos augurais como *Benvenuto, Fortunato, Prodi, Prosperini, Felice* ou apelidos inventados mediante xogos de aliteración co nome de pía imposto no bautismo: *Timoteo Timo, Argentino Argento, Valentino Vale, Francesco Franchi, Armando Mandi, Benedetta Beni*.

Daniela Cacia (“Il nome dell’infanzia abbandonata in Emilia Romagna tra XVIII e XIX

secolo”, 149-160) trata os nomes dos achadizos na área próxima a Boloña e dá conta das consecuencias derivadas das sucesivas administracións e as súas leis. Coma outros traballos do volume, insiste na importancia dos billetes ou notas de abandono, que rexistran as formas locais dos antropónimos, corrixidas ou estandarizadas posteriormente no asento do rexistro. As contribucións de Ivana Casasola (“Fasti e vestigia delle glorie imperiali nell’onomastica degli esposti del Dipartimento della Stura”, 185-207) e de Silvia Corino Rovano (“Regolari e irregolari a Lanzo all’inizio del XIX secolo”) recollen os efectos das leis napoleónicas nos apelidos dos achadizos en diferentes áreas do Piemonte, onde os específicos tradicionais (*Venturin, Recetto*) se ven substituídos por apelidos clasificables en cinco grupos: os relativos á data (segundo o calendario revolucionario: *Primidi, Duodi, Nivose, Germinale...*), o dos nomes de personaxes da antigüidade clásica (*Solon, Brutus...*, cf. o repertorio dos alias masónicos), o dos nomes “du regne végétal et de la nature”, o dos nomes abstractos e o dos nomes inventados ou “de fantasía”. A documentación estudada por Federico Vicario en “Esposti a Udine nel primo Ottocento” (895-906) céntrase principalmente no variadísimo elenco de apelidos “de fantasía” usados no primeiro terzo do XIX na cidade de Údine, que xa contaba cun orfanato no século XIV. A recomendación de empregar nomes tomados do reino vexetal e da natureza fixo que ás veces se empregase como fonte para a escolla de nome e apelido dos *venturini* directamente a nomenclatura científica, tal como expón Alda Rossebastiano en “Flora e fauna nell’onomastica dei venturini tra Rivoluzione, Restaurazione e Resorgimento” (789-804).

Pierre-Henry Billy (“Nommer les enfants abandonnés dans le Midi de la France sous l’Ancien Régime”, 119-135) examina os nomes e apelidos de expósitos en Tarascon a finais do século XVIII e sinala as principais motivacións que os producen. Nos apelidos que fan expresa a condición de expósito salientan en proenzal os constituídos polo adxectivo *blan* e o participio *troubat*, que se aplican tanto a expósitos coma a ilexítimos ou naturais. Jean Germain (“Les noms donnés aux enfants trouvés en Wallonie à la charnière des 18e et 19e siècles”, 441-461) sérvese da documentación do hospicio Saint Gilles da cidade de Namur, mais con datos doutras localidades belgas,

a finais do XVIII e comezos do XIX, para establecer as diferentes motivacións que serviron para darlles un nome e apelidos aos *enfants trouvés* e subliña como foi subestimada a importancia destes apelidos nos estudos de onomástica familiar do dominio francés. Consuelo García Gallarín (“Antroponimia madrileña de siglo XVII: nombres de pila de los niños abandonados”, 411-425) estuda os nomes dos expósitos nos libros de bautizados da freguesía de San Sebastián de Madrid e novamente reclama a atención sobre o interese dos billetes ou notas de abandono.

Traballos sobre antroponimia valenciana son os de Xaverio Ballester (“Apellidos valencianos”, 17-30), Joan Barberà (“El valor dels processos criminals per a l’estudi de l’Onomástica: El cas de Sueca Alzira al segle XVI”, 31-42), Joan Catalá i Cebrià (“L’origen del cognom Lluçian: les trampes de la grafia”, 223-226), Enric Guinot Rodríguez (“Entre dues grans migracions antroponímiques: convís i continuïtats entre l’antroponimia valenciana medieval i la del segle XVII en el context de l’expulsió dels moriscos”, 481-510), Alfons Llorenç (“Fonts, noms, cognoms i llocs dels moriscos de la Vall de Planes”, 553-567), Vicent Terol i Reig (“Els Batejats o conversos de sarraí i els renegatos o conversos a l’Islam a la Corona d’Aragó durant el regnat de Jaume II (1291-1327). Una aproximació onomástica”, 865-884). De antroponimia italiana: Giovanni Laera: (“La componente toponimica nei secondi nomi medievali pugliesi”, 537-552) e Josep Dionis Martínez (“Onomástica i llengües hispàniques a Itàlia (arribada, evolució o conservació dels cognoms”, 595-638). E de onomástica literaria: Maria Morant /Ricardo Morant-Marco (“Juego de Tronos, juego de identidades: nombres nobles, bastardos y esclavos”, 681-692).

Son igualmente numerosas as contribucións acerca de temas toponímicos, as máis delas especificamente valencianas, pero tamén doutras áreas xeográficas: Joan Bell-lloc (“Toponimia medieval de la Vallbona”, 57-70), Jesús Bernat (“Penyagolosa, un orònim aigualós”, 71-82), Vicent Cabanes e Joaquim Amorós (“Toponimia e etimologia: el terme d’Alcoi”, 137-148), Joan Ferreres i Nos, “Onomástica medieval i moderna de La Jana”, 285-366), José Enrique Gargallo Gil (“Toponimia de la Puebla de Arenoso”, 427-440), Francesc Hernández Flor (“Topònims d’origen dubtós

de l'Horta de València", 511-524), Joan Ivars ("Zootopònims de la Marina Alta", 525-536), Francesc Xavier Martí i Juan ("Unes notes sobre la toponímia de Castelló, Ribera Alta", 557-594), Joan Carles Membrado ("Estudi toponímic de l'Horta de València", 639-648), M. Moll / P. Giménez / J. A. Marco / D. Riera ("Els nomes de lloc vinculats amb el medi físic i l'aprofitament dels recursos naturals: la Vall de Laguar", 649-660), Maite Mollà ("Reflexions al volant de la toponímia digital. El Nomenclàtor Toponímic Valencià", 661-672), Francesc Sala Ivorra ("Mutxamel: etimologia, ideologia i poètica", 805-814); Josep Moran ("Toponímia litoral d'origen antic en llengua catalana", 673-680), Joan Antón Rabella ("De la ribera a la Noguera: evolució històrica dels descriptius hidronímics", 763-775); Pasquale Caratù ("Ancòra toponomastica del Gargano", 177-186), Maria Semeraro ("Masserie brindisine tra passato e presente: considerazioni onomastiche", 851-863), Miriam di Carlo ("La toponomastica al confine con la Toscana e l'Umbria: il caso de la Tuscia viterbese", 271-284); María Dolores Gordón Peral "Material toponímico incluido en el *Nomenclátor Geográfico de Andalucía*: Valoración crítica y propuestas de mejora", 463-481), Martí Crespo ("Gibraltar és espanyol", 249-258), Robert Pocklington ("El análisis de la toponímia por capas lingüísticas. La Huerta de Ricote", 749-761); Domnița Tomescu ("la romanité de la toponymie roumaine", 885-893).

Completan o volume un artigo de Ottavio Lurati "Europa e arte della pietra: Antélami e magistri comàcini", 567-576, sobre etimoloxías italianas e outro de José Antonio Saura Rami ("L'autonomia de la llengua ribagorsana seguntes l'análisis de la onomastica y el lexico documentals ss. IX-XI", 835-849).

Gonzalo Navaza